



Concello da Coruña

Area / Unidade TRIBUNAL LISTAXE FUNCIONARIO INTERINO DE TECNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1)	Documento GEY1AI003U	
Código de verificación 	Expediente 108/2025/1136	
394Q 025P 6C58 116B 0HYR	Data 29-01-2026	

TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA A COBERTURA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1).

O pasado 16 de xaneiro publicouse na páxina web do Concello da Coruña a listaxe definitiva coas persoas que superaron o primeiro exercicio.

Aínda que as bases non recollían a posibilidade de presentar alegacións, presentáronse dúas alegacións contra á puntuación obtida por dúas aspirantes.

Tras falar con elas aclaráronse as súas dúbidas e resolvéronse os erros que tiñan na interpretación da fórmula publicada, non sendo necesario facer ningunha corrección na dita listaxe definitiva.

Trasládase extracto parcial da acta 5 do Tribunal no que se acorda o punto de corte e faise a aclaración sobre a corrección do erro aritmético publicado no seu día:

"...O Tribunal tamén acorda poñer o punto de corte na metade da puntuación necesaria para superar o exercicio, e dicir, e de acordo coa fórmula contida nas bases (sobre un total de 100 puntos) marcar o aprobado en 50 puntos.

A rectificación do erro aritmético detectado no punto 8 das bases supón que as respostas correctas puntúen 1 punto e as incorrectas descuenten 0,25 puntos (BOP nº 235 do 9.12.2025). E dicir, a máxima puntuación posible e de 100 puntos. Por iso o Tribunal acorda poñer o aprobado nos 50 puntos sinalados no parágrafo anterior.

Agora ben, a dita puntuación calculada sobre un máximo de 100 puntos tense que extrapolar á puntuación recollida nas bases e que non foi alterada na dita corrección do erro aritmético "...O exercicio será cualificado de 0 a 50 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 25 puntos para superalo...", e iso supón que de xeito proporcional ao acordado polo Tribunal o aprobado estaría en 25 puntos..."

Xa que todos os aspirantes que superaron o primeiro exercicio acreditaron estar en posesión do Celga 4 ou titulación superior de galego non é necesario facer o segundo exercicio previsto de galego e polo tanto dase por rematado o proceso selectivo.

A Coruña, a data da sinatura electrónica do presente documento.

O Secretario do Tribunal